



XUNTA  
DE GALICIA



Concello  
de Arzúa



Xacobeo 21:22

## BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO “Arzúa-Boimorto-Santiso”

O obradoiro de emprego “**Arzúa-Boimorto-Santiso**” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade, e promovido polo **Concello de Arzúa conveniado cos Concellos de Boimorto e Santiso.**

A **especialidade** a impartir é a seguinte:

- **AGAO0108: Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería (20 alumnos)**

A distribución dos/as alumnos/as traballadores/as por concellos é a seguinte:

**Concello de Arzúa: 8 alumnos/as**

**Concello de Boimorto: 6 alumnos/as**

**Concello de Santiso: 6 alumnos/as**

\*No caso de que nalgún dos concellos non se chegue ao mínimo de alumnos/as seleccionados/as, poderase contratar a candidatos/as de calquera dos outros concellos que participan no proxecto.

**As actuacións** a realizar son as seguintes:



- 1.- Actuación na área recreativa de Ribadiso (Arzúa)
- 2.- Actuación en Ángeles (Boimorto)
- 3.- Actuación en Cheda (Boimorto)
- 4.- Actuación en Lagoa Baiuca (Boimorto)
- 5.- Actuación en invernadoiro (Boimorto)
- 6.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en Rairiz (Santiso)
- 7.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en Agro do Chao (Santiso)
- 8.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en A Cornella (Santiso)
- 9.- Mantemento na área recreativa/espazo libre en Visantoña. (Santiso)
- 10.- Colocación de paneis de ocultación de contenedores (Santiso)

O obradoiro terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**. O alumnado traballador será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe, coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- 1 DIRECTOR/ A (xornada completa)**
- 2 MESTRES/AS DE ESPECIALIDADE rama agraria AGAO0108 (xornada completa)**
- 1 MESTRE/A TITOR/A (media xornada)**
- 1 MESTRE/A DE XESTIÓN EMPRESARIAL (media xornada)**
- 1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO (xornada completa)**



En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

### COMISION DE SELECCIÓN

A comisión de selección estará formada por persoal técnico de cada Concello (Arzúa, Boimorto e Santiso). A presidencia da comisión de selección recaerá nunha das persoas nomeadas pola entidade promotora.

Á comisión de selección corresponderalle realizar tódalas actuacións encamiñadas a selección das persoas aspirantes e facer propostas para cubrir as prazas obxecto da convocatoria así como aquelas outras funcións que, de conformidade coa normativa aplicable, teñan atribuídas. As decisións da comisión de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes.

O presente proxecto terá como data límite prevista para o seu inicio o 15/10/2021, segundo se establece na Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm 22, do 3 de febreiro de 2021).

### PROCEDEMENTO SELECCIÓN ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS

**Sistema de selección:** Oferta tipo T (Taller de Emprego)

**Localidade:** Ámbito dos Concellos de Arzúa, Boimorto e Santiso. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

**Idade:** 18 ou máis anos.



**Situación laboral:** Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir un contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

**Criterios preferentes de selección:** A comisión de selección deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11º da Orde do 31 de decembro de 2020, (DOG núm 22, do 3 de febreiro do 2021), segundo baremo que se xunta.

A documentación xustificativa para a baremación, segundo Anexo I destas bases, deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica municipal (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es>). Tamén se poderá presentar de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello promotor ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común. O prazo para presentar a documentación será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica dos tres concellos.

Serán excluídos do proceso selectivo as persoas candidatas que estén en posesión do certificado de profesionalidade anteriormente citado obtido por calquera vía.

Tamén serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsedade documental.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado pola comisión de selección, e o mínimo será, se é posible, de 60 (3 por praza). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: 340, 320, 330 ,370 a partir dos 18 anos.

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta na oficina de emprego de Melide, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas pola comisión seleccionadora.



A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as será efectuada pola comisión de selección, que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego e unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Para comunicar a data da realización da entrevista a comisión seleccionadora emitirá unha nota informativa que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica dos tres concellos.

No caso de igualdade na puntuación o criterio de desempate será o maior período de inscrición como demandante de emprego.

A comisión de selección redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (Servizo de Orientación e Promoción Laboral), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

## PROCEDIMENTO SELECCIÓN PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO

A entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Melide, para logo proceder á selección definitiva dos/as candidatos/as.

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego ou mellora de emprego e **terán preferencias as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopan en situación de desemprego** (artigo 12.4).

A comisión de selección determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, 5 candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será os **Concellos de Arzúa, Boimorto e Santiso**, ampliándose, no caso de non se obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos **do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertencen os concellos promotores** e de ser necesario, a toda a provincia.

**Deberán presentarse, preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica municipal (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es>) a documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos. Tamén se poderán presentar as solicitudes de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello de Arzúa ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común:**

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes certificados ou diplomas.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
  - Traballo por conta allea: contratos de traballo ou certificados de empresa e vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.
  - Traballadores autónomos: alta e baixa no imposto de actividades económicas xunto co último recibo ou documento que lle exima da devandita obriga.
  - Traballos no estranxeiro: certificación oficial na que conste a ocupación desempeñada e os períodos traballados.

Os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo non serán obxecto de baremación. Os méritos baremables deben estar en todo caso relacionados coas funcións a desenvolver. O prazo para presentar a documentación será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica dos tres concellos.



As persoas candidatas preseleccionadas que non acrediten axeitadamente os requisitos de titulación e/ou experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non serán obxecto de baremación nin o currículo nin a entrevista.

Tamén serán excluídos do proceso aqueles candidatos que incorran en calquera tipo de falsidade documental.

O proceso de selección constará de dúas fases: unha entrevista persoal e a continuación a baremación de méritos aportados polas persoas candidatas. Para comunicar a data da realización da entrevista a comisión seleccionadora emitirá unha nota informativa que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica dos tres concellos.

A comisión de selección redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**), acompañada da relación de persoas candidatas admitidas e excluídas indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

No caso de igualdade na puntuación o criterio de desempate axustarase aos criterios seguintes:

- O maior tempo acreditado de inscrición como demandante de emprego
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizados
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- A puntuación obtida no apartado de experiencia docente, se fose o caso
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- A puntuación do apartado de coñecemento idioma galego
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados

### **INCOMPATIBILIDADE**

As persoas candidatas que, **na data de remate do proceso selectivo**, estivesen prestando servizos a



tempo completo nun obradoiro de emprego **non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto**, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

### **PUBLICACIÓNS E/OU NOTIFICACIÓNS**

A comisión de selección acordará a publicación das bases asinadas e dos resultados no taboeiro de anuncios da oficina de emprego de Melide e das oficinas que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos, así como na páxina web da entidade promotora e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A**

\*\*\*\*\*

#### **FUNCÍONS:**

A persoa candidata seleccionada encargárase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo.





En xeral estará encargado do bo funcionamento do obradoiro, concretamente: Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións

Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e ante os **Concellos de Arzúa, Boimorto e Santiso**, as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da

execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.

Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.

Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.

Colaborar e coordinar co mestre de xestión empresarial nos módulos de Orientación Laboral e Formación empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.

Colaborar nos módulos transversais de Sensibilización en Igualdade de Xénero e Sensibilización ambiental Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.

Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado- traballador/a.

Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Será contratado/a a tempo completo.

### **REQUISITOS MÍNIMOS:**

Titulación universitaria: Licenciatura en Ciencias Económicas, Licenciatura en Ciencias Empresariais, Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Licenciatura en Dereito e Diplomatura en Ciencias Empresariais cos seus correspondentes graos equivalentes.

## **VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:**

### **Titulación académica:**

- Doutoramento: 1,25
- Licenciatura ou grao: 1,50
  
- Diplomatura: 1
- Máster: 0,75 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0,30

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.**

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

### **Experiencia profesional:**

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 6 puntos.**

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

### **Cursos realizados:**

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:



XUNTA  
DE GALICIA



Concello  
de Arzúa



Xacobeo 21-22

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.**

#### **Coñecementos do idioma galego:**

- Celga 3 ou equivalente: 0,25
- Celga 4 ou equivalente: 0,50
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75
- Curso superior linguaxe administrativa: 1

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.**

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

#### **Puntuación desemprego:**

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 2 puntos.**

#### **Entrevista:**

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos.**



### **Puntuación final:**

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio

de desempate será o establecido nestas bases xerais.

### **BAREMO PARA A SELECCIÓN DE DOUS MESTRES/AS DE ESPECIALIDADE**

\*\*\*\*\*

### **FUNCIONS:**

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Será contratado/a:

- **2 MESTRES/AS ESPECIALIDADE rama agraria AGAO0108 (xornada completa)**

As funcións que lle corresponden son:

- Elaborar a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade, así como a planificación das avaliacións que correspondan.
- Elaborar e deseñar a metodoloxía didáctica a emregar na docencia dos seus módulos.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas con estes contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.

- Responsabilizaránse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.

– Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.

- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

### **REQUISITOS MÍNIMOS:**

Nivel académico e capacitación docente: os establecidos no RD 1228/2006, de 27 de outubro de 2006, BOE de 3 de enero de 2007, que regula o certificado de profesionalidade da especialidade.

A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartir de docencia acreditarase en horas efectivas traballadas.

### **VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:**

#### **Titulación académica:**

- Doutoramento: 1,25
- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 0,75 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0,3

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.**

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

#### **Experiencia profesional:**

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de



oficios,

obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 6 puntos.**

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

#### **Cursos realizados:**

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1 punto.**

#### **Cursos de formación:**

- Curso de **“Especialización docente”** (100 horas): 0,50
- Curso de **“Metodoloxía didáctica”** (150 horas): 0,75
- Curso de **“Formador de formadores”** (400 horas): 1
- Curso de **“Docencia da Formación Profesional para o Emprego”** (SSCE0110): 1

- **Máster secundaria ou CAP: 1**

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1 punto.**

#### **Coñecementos do idioma galego:**

- Celga 3 ou equivalente: 0,25
- Celga 4 ou equivalente: 0,50
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75
- Curso superior linguaxe administrativa: 1

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.**

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

#### **Puntuación desemprego:**

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 2 puntos.**

#### **Entrevista:**

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos.**

#### **Puntuación final:**

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.



## **BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA MESTRE/A DE XESTIÓN EMPRESARIAL**

\*\*\*\*\*

### **FUNCIÓNS:**

A persoa candidata seleccionada encargarse de impartir a formación en materia de xestión empresarial, información, orientación e inserción laboral. Impartirá tamén os módulos de formación empresarial, en igualdade de xénero, sensibilización ambiental e prevención de riscos laborais, así como tarefas de información, orientación e inserción laboral.

Así mesmo, levará a cabo funcións tales como visita a empresas para captación de ofertas de emprego, intermediación laboral, acompañamento na inserción laboral dende o inicio do obradoiro, adestramento en habilidades para a busca de emprego, asesoramento legal nas relacións laborais, busca de oportunidades de emprego, definicións de perfís profesionais e realizar a difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre os/as alumnos/as traballadores/as.

Ademais colaborará co Mestre/a de especialidade en:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas con estes contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.





- Responsabilizaráanse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.

Será contratado/a a media xornada.

### **REQUISITOS MÍNIMOS:**

Titulación universitaria: Licenciatura en Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Licenciatura en Ciencias Económicas, Licenciatura en Ciencias Empresariais, e Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, cos seus correspondentes graos equivalentes

**TITULACIÓNS COMPLEMENTARIAS:** Valoraranse posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente ou estea relacionaa coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado. Consecuentemente, a dita titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.

### **VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:**

#### **Titulación académica:**

- Doutoramento: 1,25
- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 0,75 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)



- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0, 30

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.**

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

#### **Experiencia profesional:**

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 6 puntos.**

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

#### **Cursos realizados:**

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.



**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1 punto.**

**Cursos de formación:**

- Curso de “*Especialización docente*” (100 horas): 0,50
- Curso de “*Metodoloxía didáctica*” (150 horas): 0,75
- Curso de “*Formador de formadores*” (400 horas): 1
- Curso de “*Docencia da Formación Profesional para o Emprego*” (SSCE0110): 1
- *Máster secundaria ou CAP*: 1

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.**

**Coñecementos do idioma galego:**

- Celga 3 ou equivalente: 0,25
- Celga 4 ou equivalente: 0,50
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75
- Curso superior linguaxe administrativa: 1

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.**

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

**Puntuación desemprego:**

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 2 puntos.**



XUNTA  
DE GALICIA



Concello  
de Arzúa



Xacobeo 21:22

### **Entrevista:**

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos.**

### **Puntuación final:**

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

## **BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA MESTRE/A TITOR/A**

\*\*\*\*\*

### **FUNCÍONS:**

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarse da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de ESO. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica

- Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
- Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
- Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames.
- Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección.
- Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado.



Será contratado/a a media xornada (50%).

### **REQUISITOS MÍNIMOS:**

Titulación universitaria: Diplomatura en Mestre/a en Educación Primaria ou grao equivalente.

**TITULACIÓNS COMPLEMENTARIAS:** Valoraranse posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente ou estea relacionaa coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado. Consecuentemente, a dita titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.

### **VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:**

#### **Titulación académica:**

- Doutoramento: 1,25
- Licenciatura ou grao: 1,50
- Diplomatura: 1
- Máster: 0,75 (+ 500H) e 0,50 (ata 500H)
- Postgrao: 0,50 (+ 300H) e 0,25 (ata 300H)
- Título Técnico Superior: 0,50
- Título Técnico Medio: 0,30

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.**

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.



### **Experiencia profesional:**

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 6 puntos.**

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase únicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

### **Cursos realizados:**

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 1 punto.**

### **Cursos de formación:**

- Curso de “*Especialización docente*” (100 horas): 0,50
- Curso de “*Metodoloxía didáctica*” (150 horas): 0,75
- Curso de “*Formador de formadores*” (400 horas): 1



XUNTA  
DE GALICIA



- Curso de “*Docencia da Formación Profesional para o Emprego*” (SSCE0110): 1
- *Máster secundaria ou CAP*: 1

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.**

**Coñecementos do idioma galego:**

- Celga 3 ou equivalente: 0,25
- Celga 4 ou equivalente: 0,50
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75
- Curso superior linguaxe administrativa: 1

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.**

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

**Puntuación desemprego:**


Computarase o período de inscrición como demandante de emprego nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 2 puntos.**

**Entrevista:**

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos.**



### **Puntuación final:**

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

### **BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A**

\*\*\*\*\*

### **FUNCÍONS:**

A persoa candidata seleccionada encargarase das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo e documentación.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora.

Será contratado/a a tempo completo.





XUNTA  
DE GALICIA



Concello  
de Arzúa



Xacobeo 21:22

## **REQUISITOS MÍNIMOS:**

Titulación: Técnico/a de xestión administrativa, Técnico/a superior en Administración e Finanzas

## **VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:**

### **Titulación académica:**

- Licenciatura, grao ou diplomatura: 2
- Título Técnico Superior: 1,50
- Título Técnico Medio: 1
- Bacharelato: 1

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.**

A titulación mínima esixida para o acceso ao proceso unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

### **Experiencia profesional:**

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 3,5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,25 puntos por cada 3 meses traballados ata un máximo de 2,5 puntos.

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 6 puntos.**

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.



XUNTA  
DE GALICIA



### **Cursos realizados:**

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas: 0,10
- Cursos de 50 a 99 horas: 0,20
- Cursos de 100 ou máis horas: 0,30
- Cursos de 300 ou máis horas: 0,50

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

**Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible 2 puntos.**

### **Coñecementos do idioma galego:**

- Celga 3 ou equivalente: 0,25
- Celga 4 ou equivalente: 0,50
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio linguaxe administrativa: 0,75
- Curso superior linguaxe administrativa: 1

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto.**

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

### **Puntuación desemprego:**

Computarase o período de inscrición como demandante de emprego nos últimos dous anos: 0,25 puntos por cada 3 meses

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 2 puntos.**



### **Entrevista:**

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

**A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 7 puntos.**

### **Puntuación final:**

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso igualdade na puntuación o criterio de desempate será o establecido nestas bases xerais.

## **ANEXO I**

### **BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL ARZÚA-BOIMORTO-SANTISO**

#### **1.- MULLERES**

- As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero terán prioridade absoluta.
- En xeral 1 punto.

#### **2.- IDADE**

- 18 - 29 anos 3 puntos.
- 30 - 44 anos 1 punto.
- 45 ou máis 4 puntos.

#### **3.- DISCAPACIDADE**

- Minusvalía > 33 % 1 punto.



XUNTA  
DE GALICIA



#### 4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemplego 1 punto.
- Perceptores de subsidios. 2 puntos.
- Non perceptores 4 puntos.

#### 5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

Menos de 12 meses	1 punto.
De 12 a 18 meses	2 puntos.
Máis de 18 meses	3 puntos.

#### 6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos 0 puntos.
- Grupo de cotización del 1 al 7 0 puntos.
- Grupo de cotización 8 1 puntos.
- Grupo de cotización 9 2 puntos.
- Grupo de cotización 10 3 puntos.
- Sen emprego anterior 4 puntos.

#### 7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social)

- Perceptores da RISGA e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; drogodependentes rehabilitados acreditados; ex-reclusos;



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 21:22

persoas que abandonaron o exercicio da prostitución; traballadores inmigrantes residentes da comunidade; emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais; mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral; persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda de Administración Autonómica e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social 1 punto.

## 8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado 3 puntos.
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio 2 puntos.
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior 1 punto.

## 9.-RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA

(entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros 3 puntos.
- Monoparental con fillo/s 3 puntos.

## 10.- OUTROS

Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI) 2 puntos.

## 11.- ENTREVISTA

Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto



as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de 11 puntos.

As persoas candidatas cumprimentaran un cuestionario de datos relativos a súa situación profesional, laboral e de empregabilidade, que terá o valor de declaración responsable con presunción de veracidade. De comprobarse o falseamento dos datos poderase determinar a súa exclusión do proceso de selección.

Os posibles empates que resulten da aplicación do baremo resolveranse aplicando os seguintes criterios:

- Non tiveran participado en escolas obradoiro ou obradoiros de emprego ou tiveran participado un menor número de veces.
- Non ter experiencia laboral ou a que tivesen sexa menor
- Non ter cualificación ou a súa cualificación sexa de menor nivel.
- Parado/as de longa duración
- Colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social.

Serán propostas para participar no Obradoiro aquelas persoas que acaden maior puntuación como resultado do proceso de selección. As restantes formarán a listaxe de reservas que estará vixente ata a data de inicio do proceso

**SEGUNDO.-** A comisión de selección estará composta polos seguintes membros:

**Presidenta:** María José Lage Vázquez ( Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Arzúa)

**Suplente:** Luis Fole Barrio ( arquitecto técnico do Concello de Arzúa)

**Vogais:**

**Titular:** María Teresa Gómez Cea ( Técnica en intervención Familiar-Psicóloga do Concello de Boimorto.

**Suplente:** María Esther Vidal Pandelo ( traballadora social do Concello de Boimorto)



**Titular:** Ana M<sup>a</sup> Vallo Camba ( Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Boimorto

**suplente:** Marta Pérez Iglesias ( Técnico de Administración Xeral do Concello de Arzúa)

**Secretaria:**

**Titular:** Cristina Tato Miguez ( Orientadora laboral de Santiso)

**Suplente:** María Jesús Rivas Moscoso (Auxiliar de intervención do Concello de Santiso)

